

Reunidos

Dunha parte o Conselleiro do Medio Rural que actúa en nome e representación da Axencia Galega de Industria Forestal.

Doutra parte o Conselleiro de Facenda e Administración Pública.

Expoñen

Que a Axencia Galega de Industria Forestal (en adiante XERA) creada como axencia pública autonómica mediante o Decreto 81/2017, del 3 de agosto polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, ten por finalidade actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada á industria forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación e tecnolóxicos vinculados á industria forestal.

Que este contrato de xestión establece os compromisos que ten que cumprir no ámbito de actuación ao que estende a súa actividade en virtude das competencias atribuídas polo seu Decreto de creación, que neste período se centra especialmente en mellorar a competitividade e a innovación das empresas do sector forestal desde a primeira fase de transformación do recurso, e con especial incidencia na segunda e seguintes fases; incentivar o deseño de produtos derivados do sector forestal na procura de solucións estruturais verdes que contribúan co ambiente; impulsar a creación de emprego de calidade no medio rural e incentivar a mellora da formación e a cualificación do persoal empregado no sector forestal.

O contido deste contrato de xestión foi aprobado, en termos de proposta, polo Consello Reitor da Axencia Galega da Industria Forestal por Acordo de data 28 de xullo de 2023.

Con base nestes antecedentes elévase á consideración do Consello da Xunta de Galicia o presente contrato de xestión coas seguintes:

Cláusulas

### 1. Obxecto:

O obxecto do presente contrato de xestión é establecer o marco de relacións entre a Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) e a Xunta de Galicia e, polo tanto, o sinalamento dos compromisos asumidos por cada unha das partes para a consecución da misión da dita Axencia como entidade encargada do desenvolvemento da actividade económica asociada á industria forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación e tecnolóxicos vinculados á industria forestal.

### 2. Vixencia

A vixencia do presente contrato de xestión comezará desde o día seguinte ao da súa aprobación polo Consello da Xunta e estenderase ata o 31 de decembro de 2025.

### 3. Obxectivos estratéxicos, liñas de actuación e obxectivos operativos

Obxectivos estratéxicos:

A partir das competencias e funcións da Axencia, e tendo en conta o escenario actual e previsible no que a Axencia desenvolverá a súa actividade nos próximos anos establécense 4 obxectivos estratéxicos:

1. Mellora do capital humano no sector (formación)
2. Ecosistema de innovación ao servizo do sector
3. Competitividade, desenvolvemento e diversificación
4. Cooperación e valorización

#### **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1: MELLORA DO CAPITAL HUMANO DO SECTOR (FORMACIÓN)**

**Obxectivo:** Asegurar que o capital humano do sector en todos os niveis teña as habilidades necesarias para levar a cabo as tarefas, cada vez máis complexas e diversas, necesarias nun mercado laboral de calidade baseado na bioeconomía.

A formación é un dos alicerces sobre os que se fundamenta a competitividade dos sectores e as empresas, e que permite ás persoas traballadoras mellorar o seu desempeño e con iso a súa carreira profesional.

O obxectivo 1 sustentárase na:

- Formación programada polas empresas para o seu persoal.
- Oferta formativa das administracións para persoas traballadoras ocupadas (programas de formación sectorial, programas de formación transversal, programas de cualificación e recoñecemento profesional).
- Oferta formativa das administracións competentes para persoas desempregadas.

As liñas de acción e os obxectivos operativos vinculados a este obxectivo estratéxico son:

Liña de acción 1.- Formación non regrada, reciclaxe de profesionais e formación continua

- **Desenvolvemento de accións de formación específica**



Liña de acción 2.- Formación regrada (Formación profesional, Universitaria)

- **Desenvolvemento de cursos de especialización modulares**
- **Impulso á Formación Profesional relacionada co sector**
- **Programas de actividades científicas e transferencia de coñecemento**

## **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2: ECOSISTEMA DE INNOVACIÓN AO SERVIZO DO SECTOR**

**Obxectivo:** Desenvolver e reforzar o concepto de ecosistema de innovación para o sector da industria forestal e da madeira en Galicia.

As empresas da industria forestal e da madeira son na súa maioría Pemes (pequenas e medianas empresas), que a miúdo están situadas en áreas rurais, onde fan unha importante contribución á economía local, ós mercados laborais e a estrutura demográfica, o que axuda a reducir a migración ás cidades. Estas características dificultan en moitas ocasións o desenvolvemento, ou na súa falta, o acceso á innovación. Recoñécese amplamente que, lograr e manter calquera resultado de desenvolvemento sectorial que comporte innovacións relevantes, depende da capacidade de múltiples actores interconectados. Este conxunto de actores interconectados que consegue que as ideas innovadoras se xeren, desenvolvan, proben e, en última instancia, se apliquen na mellora sectorial é un "ecosistema", onde o todo é superior á mera suma das súas partes.

Deste xeito, un ecosistema de innovación é unha concentración xeográfica de empresas e axentes relacionados, con vocación de innovación no que interveñen empresas tractoras, de compoñentes, intermediarios, vertebrados por centros de coñecemento, centros tecnolóxicos e Universidades.

As liñas de acción e os obxectivos operativos vinculados a este obxectivo estratéxico son:

Liña de acción 1.- Desenvolvemento do Ecosistema de innovación

- **Desenvolvemento e reforzo do ecosistema de innovación no marco da bioeconomía**
- **Posicionamento e desenvolvemento dos centros tecnolóxicos e de investigación forestal**

Liña de acción 2.- Desenvolvemento do Sistema de Información sectorial



- **Desenvolvemento de informes sectoriais periódicos**
- **Apoio ao Sistema de Información Forestal**

### **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3: COOPERACIÓN E VALORIZACIÓN**

**Obxectivo:** Fomentar a cooperación intrasectorial e intersectorial, así como fortalecer o achegamento do sector á sociedade.

Para afrontar o reto da bioeconomía, faise preciso aunar esforzos tanto dende o eido industrial como dende o social. Pola banda do sector, requírese o fomento e fortalecemento da cooperación de empresas, entidades asociativas e axentes de innovación do sector, tanto internamente ao sector, como con outros sectores próximos que non interactúan habitualmente ou que teñen un gran potencial de incrementar a relación coa industria forestal.

En canto á sociedade, a percepción pública do sector a miúdo está baseada no descoñecemento do mesmo e a desinformación. Os esforzos do sector para mellorar o seu impacto social e ambiental, e a sustentabilidade dos seus produtos, non son xeralmente coñecidos e moito menos comprendidos. O sector tampouco é valorado proporcionalmente a súa creación de emprego nin desenvolvemento rural. Os impactos deste problema de imaxe esténdense á formulación de políticas, ao comportamento do consumidor e á captación de talento para o mesmo.

As liñas de acción e os obxectivos operativos vinculados a este obxectivo estratéxico son:

Liña de acción 1.- Foros sectoriais como ferramenta de colaboración e comunicación

- **Organización de Foros intersectoriais**

Liña de acción 2.- Fomento asociativo e de cooperación intrasectorial

- **Programa de visibilización do talento: #ElasXeranSector**

Liña de acción 3.- Programa de promoción da madeira e outros produtos forestais

- **Promoción da madeira con Prescritores e Consumidores finais**

Liña de acción 4.- Plan de Comunicación da Axencia para a Industria Forestal

- **Plan de Comunicación da Axencia para a Industria Forestal**

#### **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4: COMPETITIVIDADE, DESENVOLVEMENTO E DIVERSIFICACIÓN**

**Obxectivo:** Afrontar melloras en aspectos tecnolóxicos, ambientais (traballando na redución das emisións GEI), de xestión e organización, de produto, de modelos de negocio e de relación cos mercados.

Nunha sociedade que tende cara a bioeconomía, a industria forestal de Galicia debe aspirar a acadar os máximos niveis de calidade, diversificación, sofisticación e transformación dos seus produtos, accedendo a unha diversidade de mercados emerxentes, e reforzar a súa posición naqueles xa existentes, particularmente nos de maior esixencia.

As liñas de acción e os obxectivos operativos vinculados a este obxectivo estratéxico son:

Liña de acción 1.- Programa de mellora da competitividade da industria forestal

- **Apoio ao plan integral de dinamización e recuperación de coníferas**
- **Apoio ao plan integral de dinamización e recuperación de frondosas**
- **Programa de Incentivos á mellora da competitividade da industria forestal**
- **Programa de promoción do uso da madeira en construción**

Liña de acción 2.- Mellora no desenvolvemento da industria forestal cara a bioeconomía



- **Fomento da madeira en obra pública e privada, así como en compra pública e contratación verde**
- **Mellora da prevención de riscos laborais na industria forestal**
- **Dixitalización e novas tecnoloxías na industria foresta**
- **Apoio á Internacionalización da industria forestal**

Liña de acción 3.- Impulso á diversificación da industria forestal

- **Impulso a novos produtos na industria forestal**
- **Novos desenvolvementos sobre madeiras de Galicia**

#### 4.- Indicadores

Como indicadores de resultados significativos para cada obxectivo operativo da Axencia, que conta cun ámbito temporal de 2 anos, defínense os que se relacionan no Anexo I, no que se inclúe a súa descrición, as accións relacionadas, os cooperadores para a súa consecución, os instrumentos empregados e o seu valor de partida.



## 5. Marco económico-financeiro

### Estudo Orzamentario das accións establecidas

OBXECTIVO	PROGRAMA ACTUACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA 2023	CÓDIGO PROXECTO	IMPORTE 2023	IMPORTE 2024	IMPORTE 2025
1	Formación non regrada, reciclaxe de profesionais e formación continua	2023-14-A4-741A-4810	2018 00005	600.000,00	650.000,00	650.000,00
	Formación regrada (Formación profesional, Universitaria)	2023-14-A4-741A-6400		10.000,00	10.000,00	10.000,00
<b>TOTAL</b>				<b>610.000,00</b>	<b>660.000,00</b>	<b>660.000,00</b>
2	Desenvolvemento do Ecosistema de innovación	2023-14-A4-741A-6400	2019 00003	152.945,00	155.000,00	160.000,00
		2023-14-A4-741A-7710	2021 00007	650.000,00	--	--
		2023-14-A4-741A-7810		100.000,00	--	--
	Desenvolvemento do Sistema de Información sectorial	2023-14-A4-741A-6400	2018 00004	120.000,00	100.000,00	100.000,00
<b>TOTAL</b>				<b>1.022.945,00</b>	<b>255.000,00</b>	<b>260.000,00</b>
3	Foros sectoriais como ferramenta de colaboración e comunicación	2023-14-A4-741A-6400	2019 00002	25.000,00	27.000,00	30.000,00
	Fomento asociativo e de cooperación intrasectorial	2023-14-A4-741A-6400	2019 00002	50.000,00	55.000,00	56.000,00
	Programa de promoción da madeira e outros produtos forestais	2023-14-A4-741A-6400	2019 00002	75.000,00	100.000,00	110.000,00
		2023-14-A4-741A-7720	2021 00001	280.428,00	280.000,00	280.000,00
	Plan de Comunicación da Axencia para a Industria Forestal	2023-14-A4-741A-6400	2018 00002	15.000,00	93.433,09	--
<b>TOTAL</b>				<b>445.428,00</b>	<b>555.433,09</b>	<b>476.000,00</b>
4	Programa de mellora da competitividade da industria forestal	2023-14-A4-741A-7700	2018 00009	5.400.000,00	13.933.333,00	15.522.700,00
		2023-14-A4-741A-7700	2021 00002	1.248.874,00	1.300.000,00	1.320.000,00
		2023-14-A4-741A-7710		1.154.680,00	1.200.000,00	1.225.000,00
		2023-14-A4-741A-7802			100.000,00	100.000,00
		2023-14-A4-741A-7700	2021 00005	400.000,00	--	--
		2023-14-A4-741A-7710		500.000,00	--	--
		2023-14-A4-741A-7800		600.000,00	--	--
		2023-14-A4-741A-7810		800.000,00	--	--
	Mellora no desenvolvemento da industria forestal cara a bioeconomía	2023-14-A4-741A-7700	2021 00006	650.000,00	--	--
		2023-14-A4-741A-7801		100.000,00	--	--
	Impulso á diversificación da industria forestal	2023-14-A4-741A-6401	2023 00002	150.000,00	150.000,00	150.000,00
<b>TOTAL</b>				<b>11.003.554,00</b>	<b>16.863.33,00</b>	<b>18.317.700,00</b>
<b>TOTAL, XERAL DE TODAS AS OBXECTIVOS</b>				<b>13.081.927,00</b>	<b>18.153.766,09</b>	<b>19.713.700,00</b>

## Explicación senda dos fondos europeos período 2023-2025

I. Os fondos FEDER REACT EU deben de estar executados no ano 2023 e non se contempla asignación destes fondos para os anos sucesivos. Polo que os Códigos de Proxecto 2021 00005, 2021 00006, 2021 00007 para as anualidades 2024 e 2025 non terían asignación algunha.

II. Polo que respecta ao código de Proxecto 2018 00009, contéplanse dúas circunstancias:

Primeira.- Respecto do exercicio 2023, o crédito que figura por importe de 5.400.000,00€ é o resultado de:

Unha reprogramación do actual PDR de Galicia que suporía para á **medida 8.6** “*Investimentos tecnoloxías forestais*” unha asignación de fondos para a XERA en termos de Gasto Público Total (GPT) de acordo ao seguinte detalle:

	<b>Novas Actuacións/Convocatoria 2023</b>	<b>Novas Actuacións/Convocatoria 2024</b>
08_61 Investimentos en Tecnoloxía Forestais	5.400.000,00	3.600.000,00

Segunda.- Para o ano 2024, asignase á XERA, en termos de Gasto público total, a cantidade de 13.933.333,00 € correspondentes igualmente á **medida 8.6** “*Investimentos tecnoloxías forestais*” do PDR de Galicia 2014-2020.

Terceira.- Na anualidade 2025, igualmente, asignase á XERA, en termos de Gasto público total, a cantidade de 4.000.000,00 correspondentes igualmente á **medida 8.6** “*Investimentos tecnoloxías forestais*” do PDR de Galicia 2014-2020.

Así mesmo do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027, en termos de Gasto Público Total, asignase á XERA a cantidade de 11.522.700,00.





**Orzamento de gastos das actuacións transversais ou operativas**

PROGRAMA ACTUACIÓN	CÓDIGO PROXECTO	IMPORTE 2023	IMPORTE 2024	IMPORTE 2025
Actuacións CIS-Madeira	2014 00011	106.613,00	109.384,94	111.353,87
Gastos Operativos XERA	2018 00001	1.124.158,00	1.161.079,90	1.181.979,34
Gastos de funcionamento operativo dos servizos da Axencia Galega da Industria Forestal	2018 00002	337.499,00	252.840,88	257.392,02
EGURALT SOE4/P1/E1115	2021 00004	14.631,00	15.011,41	0,00
Primeira experiencia laboral nas administracións públicas	2022 00001	15.539,00	0,00	0,00
Gastos funcionamento Unidade temporal de xestión de FONDOS FEDER REACT	2023 00001	280.376	0,00	0,00
Restauración da finca de Lourizán	2023 00003	300.000,00	0,00	0,00
<b>TOTAL</b>		<b>2.178.816,00</b>	<b>1.538.317,13</b>	<b>1.550.725,23</b>

**Nota explicativa:** Se ten utilizado unha previsión de IPC para o ano 2024 do 2,6% e para o ano 2025 do 1,8%.

**Orzamento de gastos global da axencia galega da industria forestal**

CAPÍTULOS	IMPORTE 2023	IMPORTE 2024	IMPORTE 2025
I	1.124.158,00	1.071.598,27	1.093.030,24
II	400.400,00	407.574,36	410.329,70
IV	600.000,00	650.000,00	650.000,00
VI	956.288,00	754.433,09	680.500,00
VII	11.883.982,00	16.813.333,00	18.447.700,00
<b>TOTAL</b>	<b>14.964.828,00</b>	<b>19.696.938,72</b>	<b>21.281.559,94</b>



### Orzamento de ingresos da axencia galega da industria forestal

Ingreso	Orzamento 2023	Orzamento 2024	Orzamento 2025
Servizos prestados polo CIS-Madeira	3.630,00	4.500,00	5.200,00
Fondos Propios Cofinancian	962.500,00	2.438.333,02	3.926.356,00
Fondos Propios	5.743.698,00	5.759.105,72	5.758.859,94
FEDER REACT-EU Capítulo I	280.376,00	0	0
MRR-Mecanismos de Recuperación e Resiliencia	15.539,00	0	0
Transferencias finalistas del Estado	405.000,00	1.044.999,98	1.682.724,00
FEADER 2014-2020	4.050.000,00	10.450.000,00	3.000.000,00
FEADEER 2023-2027	0	0	6.913.620,00
FEDER REACT-EU Capítulo VII	3.800.000,00	0	0
<b>TOTAL</b>	<b>15.260.743,00</b>	<b>19.696.938,72</b>	<b>21.286.759,94</b>

Respecto ao marco orzamentario, as dotacións previstas no contrato programa quedan supeditadas ao que se estableza nas leis de Orzamentos xerais da comunidade autónoma para cada unha das anualidades, polo que estas dotacións considéranse indicativas.

As dotacións de FEADER incluídas neste contrato programa quedan condicionadas á existencia dos recursos necesarios para cofinancialo dentro das disponibilidades de fondo propio da Consellería de Medio Rural.

#### 6. Marco de recursos humanos

##### **Anualidade 2023**

Tipoloxía persoal	Denominación Posto	Nº Efectivos
<i>Persoal Directivo</i>	Director/a Área de Innovación Forestal	1
<i>Profesional</i>	Director/a Área de Promoción e Calidade Forestal	1
<i>Persoal Funcionario</i>	Secretario/a Director	1
	Xerente	1
	Xefatura de Dep. de Xestión Administrativa	1
	Xefatura de Sección	4
	Axudante Administración	3
<i>Persoal Laboral</i>	Titulado/a Superior	3
	Titulado/a Grao Medio	4
	Mestre de taller	1
	Auxiliar Administrativo	1
<i>Unidade Temporal</i>	Titulado/a Superior (Enxeñaría de montes)	3
	Xefatura de Sección	2
<b>TOTAL EFECTIVOS</b>		<b>26</b>



**Anualidades 2024 e 2025 (1)**

Tipoloxía persoal	Denominación Posto	Nº Efectivos
Persoal Directivo Profesional	Director/a Área de Innovación Forestal	1
	Director/a Área de Promoción e Calidade Forestal	1
Persoal Funcionario	Secretario/a Director	1
	Xerente	1
	Xefatura de Dep. de Xestión Administrativa	1
	Xefatura de Sección	4
	Axudante Administración	3
Persoal Laboral	Titulado/a Superior	3
	Titulado/a Grao Medio	4
	Mestre de taller	1
	Auxiliar Administración	1
<b>TOTAL EFECTIVOS</b>		<b>21</b>

**7. Criterios e mecanismos de responsabilidade do persoal directivo**

A Axencia Galega de Industria Forestal adecuará a súa actuación ao presente contrato de xestión, de conformidade cos obxectivos e accións detalladas, durante o período que corresponde á vixencia do contrato.

Para avaliar a súa efectividade, establécense unha serie de obxectivos estratéxicos e operativos cuxa consecución se cuantifica a través dun número finito de indicadores, de tal forma que se entenderá que a Axencia Galega de Industria Forestal desenvolveu con éxito o contrato de xestión se, polo menos, cumpre o 75% dos seus obxectivos estratéxicos.

Acádase un obxectivo estratéxico cando se obtén un resultado favorable, como mínimo, no 60% dos obxectivos operativos que forman parte do obxectivo estratéxico.

Os indicadores recollidos no Anexo I son a ferramenta a utilizar para avaliar o cumprimento dos obxectivos operativos, e será necesario acadar o valor estándar destes, polo menos, no 50% do conxunto de indicadores asociados a cada un dos obxectivos.

O persoal directivo da Axencia ao que se refire o artigo 29 dos seus Estatutos estará suxeito a esixencias de responsabilidade por incumprimento dos obxectivos.

Existirá responsabilidade do persoal directivo responsable cando a porcentaxe de obxectivos incumpridos exceda do 50% do total de obxectivos correspondentes á súa área de actividade.

Para os efectos anteriores, non se terán en conta os indicadores asociados a obxectivos específicos ou actuacións que se cancelen ou non se leven a cabo por causas independentes da vontade e actividade da Axencia.

1. É de salientar a posibilidade de que durante o ano 2024 prodúzase o traspaso á Axencia do Centro de Investigación Forestal de Lourizán (Pontevedra), actualmente dependente da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

En caso de incumprimento, o Consello Reitor, por iniciativa propia ou por proposta da Dirección, e logo de analizar o conxunto de indicadores que non acadaron o valor de responsabilidade antedito, poderá apercebirlle formalmente aos directores/as das correspondentes áreas.

En último termo, se durante tres exercicios consecutivos se produce o apercebimento dalgún membro do equipo directivo, o Consello Reitor poderá aprobar o seu cesamento, sen prexuízo da concorrencia doutras circunstancias que xustifiquen tal medida.

Por outro lado, no caso de que se acade ou supere o valor estándar do 80% dos indicadores relativos aos obxectivos operativos asociados a cada área da Axencia, de conformidade co previsto no presente contrato plurianual de xestión, as respectivas áreas poderán ser beneficiarias das medidas de recoñecemento que o Consello Reitor considere axeitadas e de conformidade coa normativa vixente que resulte de aplicación.

#### 8. Procedemento para a introdución de modificacións ou adaptacións

As modificacións ou axustes para corrixir eventuais desviacións entre o planificado e o executado, sempre que non afecten á estrutura do contrato de xestión, serán aprobadas polo Consello Reitor.

Entenderase que as modificacións afectan á estrutura do contrato de xestión nos seguintes casos:

- Os orzamentos da Xunta de Galicia non dotasen á Axencia da financiación prevista neste contrato de xestión.
- A eliminación, modificación ou introdución de novos obxectivos estratéxicos e/ou operativos.
- A variación da contía dos valores dos indicadores en máis dun 40% do valor fixado.

Nestes supostos, procederá a aprobación por parte do Consello da Xunta dun novo contrato de xestión.

#### 9.- Comisión de Control e Seguimento

Constitúese unha comisión de seguimento e control, que estará integrada por un representante da Axencia, un representante da consellería de adscrición, un representante da consellería competente en materia de facenda, e un representante da consellería competente en materia de simplificación administrativa.

Exercerá a presidencia da comisión a persoa representante da consellería competente en materia de Facenda.

As funcións de secretaría serán exercidas pola persoa integrante da comisión representante da Axencia



Esta comisión de seguimento e control elaborará anualmente un informe de avaliación global do cumprimento do contrato de xestión, coas propostas de adaptación dos compromisos para o ano seguinte se fose necesario.

Así mesmo, antes do final do período de vixencia do contrato de xestión a comisión elaborará un informe global sobre o seu grao de cumprimento e propondrá as modificacións e adaptacións necesarias para a súa revisión e renovación.

Para o correcto exercicio das súas funcións, a comisión de Control e Seguimento reunirse semestralmente e sempre que un dos seus membros o solicite. A programación das reunións farase de forma que permita facer o seguimento do peche e o inicio do orzamento.

#### 10. Compromisos das partes

Como cláusula final do presente Contrato de Xestión, recóllese neste apartado os compromisos máis relevantes que adoptan as partes.

Por parte da Xunta de Galicia:

- A provisión dos recursos orzamentarios necesarios para a consecución dos obxectivos da Axencia segundo o establecido no contrato de xestión, e recollidos nas leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para cada ano.

Por parte da Axencia Galega de Industria Forestal:

- Acadar o cumprimento de obxectivos de conformidade co establecido no contrato de xestión cos recursos asignados.
- Actuar como medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos poderes adjudicadores dependentes dela, polo que está obrigada a realizar os traballos que aquela ou estes lle encomenden.

#### 11. Cobertura hipotéticos déficits

De producirse déficit derivado do incumprimento das estimacións de ingresos, este será corrixido, de acordo coas circunstancias e necesidades vixentes en cada momento, mediante a minoración dos créditos orzamentarios dos gastos da axencia que esta considere máis axeitados de acordo coas súas necesidades de execución orzamentaria polo importe correspondente.

Deberá remitirse ao Consello Reitor un informe explicativo das causas das desviacións na estimación de ingresos, das previsións de que o dito déficit poida repetirse nos exercicios seguintes e do impacto que puidesen ter na consecución dos obxectivos programados, así como, se é o caso, das necesarias modificacións que como consecuencia dos devanditos déficits deban introducirse no contrato de xestión e o alcance destas.

#### 12. Encadramento dos obxectivos estratéxicos e operativos no Plan estratéxico de Galicia (PEG 2022-2030)



A Axencia Galega de Industria Forestal define os seus obxectivos estratéxicos e os seus obxectivos operativos segundo os obxectivos considerados no Plan estratéxico de Galicia (PEG 2022-2030). Neste sentido o eixo sobre o que sustentan os obxectivos operativos que definen a estratexia da entidade é o Eixo 3 Competitividade e crecemento, e dentro deste eixo estratéxico nas prioridades de actuación:

- “Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible” (PA.3.02), que inclúe o obxectivo estratéxico OE.3.02.03 “Impulsar a economía dixital cara a un territorio intelixente, máis sostible e conectado, promovendo a innovación tecnolóxica no aproveitamento e preservación dos recursos naturais e impulsando a mobilidade intelixente así como os novos modelos para a dinamización do noso patrimonio e a produción cultural”.
- “Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento” (PA.3.03), que inclúe os obxectivos estratéxicos OE.3.03.01 “Impulsar a creación de novas empresas, a consolidación e crecemento das existentes, a súa internacionalización e fomentar decididamente o espírito emprendedor. Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais e a defensa das persoas consumidoras e usuarias, protexendo a seguridade, a saúde e os seus lexítimos intereses económicos” e OE.3.03.02 “Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, apoiar o desenvolvemento de polos de desenvolvemento baseados nas tic e das habilidades STEM en tódalas fases do proceso educativo, e a competitividade do sector produtivo apostando por produtos de alto valor engadido diferenciados en base ao compoñente tecnolóxico, a calidade a o deseño”.
- “Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo” (PA.3.05), que inclúe o obxectivo estratéxico OE.3.05.03 “Aumentar a produtividade dos montes galegos e fomento da xestión forestal sostible. Optimizar a gobernanza do monte e a mobilidade das terras, para lograr unha mellora na sostibilidade e eficiencia das explotacións”.

**ANEXO I – INDICADORES**
**OBXECTIVO ESTRATÉGICO 1**

<b>OBXECTIVO 1: MELLORA DO CAPITAL HUMANO DO SECTOR (FORMACIÓN)</b>				
<b>1.1 Formación non regrada, reciclaxe de profesionais e formación continua</b>				
<b>Obxectivo operativo</b>				
<b>1.1.1 Desenvolvemento de accións de formación específica</b>				
<b>Descrición / Xustificación</b>				
Desenvolvemento de accións, a partir da actividades formativas non regradas e de divulgación que impulsen o coñecemento, a competitividade e a innovación da industria forestal de Galicia (IN501A, Axencia Galega da Industria Forestal).				
<b>Accións relacionadas</b>				
- Estratexia de Formación da Industria Forestal (XERA)				
<b>Cooperadores</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Empresas e Asociacións Sectoriais.</li> <li>- Centros universitarios.</li> <li>- Colexios profesionais, incluído COAG.</li> <li>- CIS-Madeira.</li> </ul>				
<b>Instrumentos</b>				
- Convocatorias de axuda pública e investimentos directos				
<b>Indicadores</b>	<b>Situación de partida</b>	<b>Obxectivo 2023</b>	<b>Obxectivo 2024</b>	<b>Obxectivo 2025</b>
Nº de accións formativas (accións/ano)	60	75	75	85
Nº de persoas obxecto de accións formativas e de divulgación (persoas/ano)	650	750	750	850
Importe público asignado anualmente (€/ano)	350.000	400.000	400.000	450.000
Avaliación das accións formativas a través de enquisas. satisfactorio ou moi satisfactorio >65%		>65%	>65%	>65%

<b>OBXECTIVO 1: MELLORA DO CAPITAL HUMANO DO SECTOR (FORMACIÓN)</b>				
<b>1.2 Formación regrada (Formación profesional, Universitaria)</b>				
<b>Obxectivo operativo</b>				
<b>1.2.1 Desenvolvemento de cursos de especialización modulares</b>				
<b>Descrición / Xustificación</b>				
<p>Desenvolvemento, en cooperación cos centros de formación profesional e con aqueles pertencentes ao sistema universitario de Galicia, de cursos de especialización en procesos ou produtos, conformados por módulos que se poidan cursar independentemente e en combinación. Favorecerase a participación de persoal especializado de empresas como persoas formadoras dalgúns dos módulos.</p> <p>Isto permitiría ir incrementando a especialización dirixida ao mercado dos profesionais titulados formados e a actualización do persoal de alta cualificación nas empresas. Este modelo permite reaccionar con présa ante cambios tecnolóxicos, ou aparicións de novos produtos ou ferramentas (por exemplo <i>software</i>).</p>				
<b>Accións relacionadas</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexia de Formación (Axencia Galega da Industria Forestal)</li> </ul>				
<b>Cooperadores</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dirección xeral de Formación Profesional (Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades)</li> <li>- Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Consellería do Medio Rural)</li> </ul>				
<b>Instrumentos</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Plan Conecta para o sector forestal-madeira<sup>2</sup></li> </ul>				
<b>Indicadores</b>	<b>Situación de partida</b>	<b>Obxectivo 2023</b>	<b>Obxectivo 2024</b>	<b>Obxectivo 2025</b>
Nº de prazas 1º curso	1360	+2%/ano	+2%/ano	+2%/ano
Nº de persoas matriculadas	1980	+2%/ano	+2%/ano	+2%/ano
Nº de persoas matriculadas en FP dual	140	+5%/ano	+5%/ano	+5%/ano





<b>OBXECTIVO 1: MELLORA DO CAPITAL HUMANO DO SECTOR (FORMACIÓN)</b>				
<b>1.2 Formación regrada (Formación profesional, Universitaria)</b>				
<b>Obxectivo operativo</b>				
<b>1.2.2 Impulso á Formación Profesional relacionada co sector</b>				
<b>Descrición / Xustificación</b>				
Colaboración no impulso do sistema de Formación Profesional				
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mellorar o sistema de coordinación e diálogo entre o tecido industrial e a administración para compaxinar as necesidades formativas de niveis medio/superior e o impulso da Formación Dual. Reforzar o papel dos centros de FP.</li> <li>- Flexibilizar os programas formativos de Grao Básico, Medio e Superior, de Formación Profesional e de Formación para o Emprego, co obxectivo de aliñalos coas competencias das persoas traballadoras do futuro no sector.</li> <li>- Propoñer o desenvolvemento de novos títulos para aqueles perfís nos que actualmente non existe formación profesional regrada.</li> </ul>				
<b>Accións relacionadas</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0</li> <li>- Plan estratéxico da formación agraria en Galicia</li> </ul>				
<b>Cooperadores</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dirección xeral de Formación Profesional (Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades)</li> <li>- Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Consellería do Medio Rural)</li> </ul>				
<b>Instrumentos</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Plan Conecta para o sector forestal-madeira</li> </ul>				
<b>Indicadores</b>	<b>Situación de partida</b>	<b>Obxectivo 2023</b>	<b>Obxectivo 2024</b>	<b>Obxectivo 2025</b>
Nº de prazas 1º curso	1360	+2%/ano	+2%/ano	+2%/ano
Nº de persoas matriculadas	1980	+2%/ano	+2%/ano	+2%/ano
Nº de persoas matriculadas en FP dual	140	+5%/ano	+5%/ano	+5%/ano

<b>OBXECTIVO 1: MELLORA DO CAPITAL HUMANO DO SECTOR (FORMACIÓN)</b>				
<b>1.2 Formación regrada (Formación profesional, Universitaria)</b>				
<b>Obxectivo operativo</b>				
<b>1.2.3 Programas de actividades científicas e transferencia de coñecemento</b>				
<b>Descrición / Xustificación</b>				
<p>Os resultados dos proxectos de investigación xeran beneficios a diversos niveis. Supoñen a creación de novas actividades económicas ou a diversificación produtiva das xa existentes; melloran a produtividade; amplían a produción, os mercados ou a cobertura e contribúen a crear unha contorna no que as empresas innovan e adáptanse mellor ao mercado.</p> <p>Por iso, propónse o desenvolvemento de accións formativas e de transferencia específicas baseadas en resultados de investigación e os impactos xerados polos resultados globais dos proxectos, xa sexan de tipo científico, económico, político ou social.</p>				
<b>Accións relacionadas</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Accións Obxectivo 2</li> <li>- Accións 1.1</li> </ul>				
<b>Cooperadores</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Centros universitarios</li> <li>- Sistema de Formación Profesional</li> <li>- Centros de investigación</li> <li>- Departamentos de innovación de empresas</li> </ul>				
<b>Instrumentos</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xornadas, cursos, seminarios</li> </ul>				
<b>Indicadores</b>	<b>Situación de partida</b>	<b>Obxectivo 2023</b>	<b>Obxectivo 2024</b>	<b>Obxectivo 2025</b>
Nº de accións/ano de formación e transferencia	4	5	6	6
Nº de participantes/ano en accións de formación e transferencia.	20	100	120	120
Nº de persoas/ano receptoras das distintas actividades de difusión	250	150	200	200
Avaliación das accións formativas a través de enquisas. satisfactorio ou moi satisfactorio >65%		>65%	>65%	>65%

## **OBXECTIVO ESTRATÉGICO 2**

<b>OBXECTIVO 2: ECOSISTEMA DE INNOVACIÓN AO SERVIZO DO SECTOR</b>				
<b>2.1 Desenvolvemento do Ecosistema de innovación</b>				
<b>Obxectivo operativo</b>				
<b>2.1.1 Desenvolvemento e reforzo do ecosistema de innovación no marco da bioeconomía</b>				
<b>Descrición / Xustificación</b>				
